

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C3-B-III-21

PARTE 1 (vídeo)

A continuación, vostede vai ver un vídeo dúas veces seguidas. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o contido do vídeo.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

A empresa dixital

[Off]

As tecnoloxías da información e [d]a comunicación mudaron drasticamente o xeito en que nos relacionamos, nos informamos e consumimos, pero tamén mudaron os nosos ámbitos de traballo.

As empresas levan anos introducindo as TIC para diversas tarefas que melloran a rapidez na xestión e a comodidade de usuarios e traballadores. A era dixital fai que a operativa das empresas deba adaptarse e ir evolucionando con esta nova realidade.

O primeiro ordenador que chegou a España data de 1959 e foi adquirido por RENFE para xestionar liñas ferroviarias. Este foi un feito puntual para a época, xa que non se *comenzarían* a introducir ferramentas informáticas no ámbito empresarial ata os anos 60.

[Entrevistado]

A primeira referencia que temos dun computador en Galicia é no curso 62-63, no que a Universidade de Santiago de Compostela adquire un computador analóxico *todavía* naquela época que era o TR-20. *A partires* de aí, paseniñamente, distintas entidades, principalmente outras universidades, e a banca foron as que foron adquirindo computadores.

[Off]

Os usos destas primitivas ferramentas informáticas eran en materia contable e administrativa e substituíron as calculadoras e os procesos en papel. Se os 60 estiveron marcados pola aparición da informática, nos 70 popularizouse o seu uso en sectores máis amplos.

No ano 71, prodúcese o primeiro intercambio de correo electrónico entre dous ordenadores e establécese a arroba como signo para separar o nome do usuario da máquina na que a persoa tiña a conta de correo.

[Entrevistado]

A finais do ano 78, contabilizábanse 88 equipos informáticos en toda Galicia, non? O banco pastor tiña o ordenador máis caro de Galicia, *costaba* 100 millóns de pesetas e tiña soamente un “mega” de memoria e menos de dous “megas” de almacenamento. Estas cifras *as* multiplicamos por miles, decenas de miles ou centenas de miles en equipos que temos a día de hoxe no noso fogar e que *costan* menos de cincocentos euros. *A partires* dos anos 80 é cando ten [lugar] xa a explosión, a penetración do ordenador persoal tal e como o coñecemos hoxe en día cos principais referentes: o IBM PC, e o Apple. E *a partires* de aí, en distintos ámbitos xa se foi adaptando a informática, non?

[Off]

Os anos 90 están marcados polo auxe do que actualmente coñecemos por Internet e a creación da WWW ou World Wide Web. Nesta mesma década, no ano 98, naceu o xigante de Internet: Google.

[Entrevistado]

Bueno, Internet nos seus comezos no se parecía en nada á Internet que coñecemos a día de hoxe. Era moi limitado o seu acceso, moi lenta e practicamente eran páxinas con texto e moi pouquísimas imaxes porque non había capacidade para descargas, non? Pouco a pouco *esto* foi evolucionando: maior capacidade de ancho de banda, maior posibilidades de imaxe e foron da man de Internet penetrando outros servizos, como pode ser o correo electrónico, que permitía comunicacións practicamente inmediatas *con calqueira* punto do mundo; e *a partires* de aí outros servizos como o vídeo baixo demanda, as redes sociais ou todos os servizos que coñecemos e que todos usamos practicamente a diario.

[Off]

O uso xeneralizado de Internet comezou a medrar a partir do ano 2000 dun xeito exponencial. Calcúlase que no 2002 os usuarios con acceso a Internet representaban o 11 % da poboación mundial. No 2010, xa constituían o 26 % con 1.800.000.000 de persoas conectadas. Isto propiciou que as empresas mirasen pra Internet como un novo lugar de mercado a través do comercio electrónico.

[Entrevistado]

Bueno, a adaptación ao comercio electrónico foi difícil, porque supón un cambio radical no modo de interrelacionarse cos clientes e no modo de comerciar *ao fin* e ao cabo. Entón, por unha banda había unha parte de... acometer eses procesos tecnolóxicos, había unha parte de loxística, había unha parte de relación co sector bancario e sobre todo tamén hai unha parte fundamental de chegar ao usuario, de coñecer cales son as demandas e de xerar confianza nel. Entón, *bueno*, pois realmente..., complicado, foi complexo porque [foi] un cambio radical na forma de operar.

[Off]

O achegamento da poboación a Internet a través das redes sociais e o seu uso xeneralizado foi un factor moi influente na penetración do comercio electrónico e a confianza

nas transaccións monetarias. A tendencia de cara ao futuro é que todo o comercio sexa en liña.

[Entrevistado]

Bueno, as transaccións monetarias a través de Internet... eu penso que son máis seguras que as transaccións monetarias tradicionais, físicas, non?, porque todo o que ten que ver co intercambio de *moneda* a través de Internet é, podemos chegar á orixe, e calquera problema de fraude, de estafa e ademais se podería investigar e atopar quen é o culpable, non? Pero, de feito, eu diría aínda máis [sobre] que todo o que ten que ver coas novas tecnoloxías de *blockchain*, de *bitcoin* e demais: os cartos, os billetes, as *monedas* tal e como as coñecemos a día de hoxe van a desaparecer en breve período de tempo.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do vídeo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do vídeo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que son as tecnoloxías da información e da comunicación? ■ Como foi o proceso de implantación destas tecnoloxías en Galicia? ■ Cando apareceu Internet? ■ Que dificultades tivo que superar o comercio electrónico? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A.** As tecnoloxías da información e da comunicación mudaron drasticamente o xeito de relacionarnos.
- B.** As tecnoloxías da información e da comunicación mudaron drasticamente o xeito en que nos informamos e traballamos.
- C.** A tendencia de cara ao futuro é que todo o comercio sexa en liña.
- D.** O uso xeneralizado das tecnoloxías comezou a medrar a partir do ano 2000 dun xeito exponencial.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

As tecnoloxías da información e da comunicación mudaron drasticamente o xeito de relacionarnos

- Posúe un móbil ou un ordenador? Ou unha tableta? Que usos lles dá? Conéctase con frecuencia á Rede?
- Cre que os cambios que trouxo consigo Internet son máis evidentes no ámbito das relacións persoais ou no desenvolvemento da actividade laboral? Por que?
- Comparte o seu día a día nas redes sociais (Facebook, Twitter, Pinterest ou Instagram)? Por que? Que opina ao respecto?
- Que riscos ten esta maneira de relacionarse? Por que? Cre que poden provocar adicción ou ser perigosos a certas idades?

(Se procede)

- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe no tocante á implantación das tecnoloxías da información e da comunicación?

OPCIÓN B

As tecnoloxías da información e da comunicación mudaron drasticamente o xeito en que nos informamos e traballamos

- Cre que os ordenadores mudaron de forma drástica a forma de traballar? Por que?
- Cre que os cambios que trouxo consigo Internet foron máis importantes no ámbito das relacións ou na vida laboral? Por que?
- Considera que o uso das computadoras e de Internet facilita moito as tarefas da vida cotiá?
- Coñece sectores da sociedade ou ámbitos de traballo en que aínda non se apliquen estas tecnoloxías?
- Que cambios percibe na sociedade por mor da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación?
- Cre que sería doado volver vivir sen móbiles ou sen ordenadores? Adaptaríase outra vez a vivir sen móbil ou sen ordenador?

(Se procede)

- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe no tocante á implantación das tecnoloxías da información e da comunicación?

OPCIÓN C

A tendencia de cara ao futuro é que todo o comercio sexa en liña

- Vostede compra ou vende cousas a través de Internet? Por que? Que vantaxes ou inconvenientes lle atopa?
- Que adoita comprar a través de Internet e que non compraría nunca?
- Parécelle que as compras a través de Internet son seguras?
- Cal foi a razón que fixo que dese ese paso? Tiña algunha reserva respecto da súa seguridade?
- Cre que ten futuro o comercio tradicional? Por que? Que tipo de comercios son máis vulnerables?
- Cre que o pequeno electrónico se pode ver beneficiado polas vendas a través de Internet?
- Coñece algún comercio tradicional que desaparecese nos últimos anos por culpa da irrupción do comercio electrónico?

(Se procede)

- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe no tocante á implantación do comercio electrónico?

OPCIÓN D

O uso xeneralizado das tecnoloxías comezou a medrar a partir do ano 2000 dun xeito exponencial

- Ten ordenador ou tableta? E un móbil? Se é así, que usos lles dá?
- Internet resúltalle unha ferramenta imprescindible ou non a precisa? Por que?
- Usa tarxetas ou prefire pagar en metálico? Por que?
- Usa a banca electrónica? Por que?
- Ten Whatsapp?
- Usa as redes sociais (Facebook, Twitter, Pinterest ou Instagram)? Para que? Por que? Que opina ao respecto?

(Se procede)

- Percibe diferenzas entre Galicia e o seu lugar de orixe no tocante ao uso do diñeiro electrónico?